

CLUB DE LECTURA - LIBROS CURSO 21-22

O NIÑO DO BRIÓN



O NIÑO DO BRIÓN

A LAVANDEIRA DE SAN SIMÓN

De Eva Mejuto

Este libro trata da illa de San Simón na época na dictadura de Franco desde o punto de vista dunha nena e a súa nai que van visitar ao seu pai encarcerado.

É un libro que nos concienciou sobre o que pasou neses anos.


A nosa parte preferida foi o final, cando na última páxina aparece máis información sobre o lido. Tamén foi moi interesante saber como eran os protagonistas da historia real grazas ás fotos finais que se inclúen no libro.

A LAVANDEIRA DE SAN SIMÓN

Eva Mejuto

Bea Gregores

XERAI S



O NIÑO DO BRIÓN


LA RATONERA

De Agatha Christie

La ratonera

Agatha Christie



Aula de Literatura  Vicns Vives

A historia segue a sete extravagantes personaxes que quedan atrapados na mansión Monkswell Manor a causa das nevadas. O peor acontece cando o sarxento de policía de Londres afirma que entre eles hai un asasino.

Eliximos esta obra de teatro porque era de misterio e a todos nos gusta este subxénero. A nosa parte favorita foi o final porque non esperabamos que o asasino fose o que se revela como tal. Outra parte interesante da obra é que é unha peza teatral, e este xénero non é moi coñecido para nós.

O NIÑO DO BRIÓN

YOTSUBA

De Kiyohiko Azuma

Este manga vai sobre unha nena que se muda a unha nova cidade. Alí coñecerá ás súas novas veciñas, tres irmás coas que se asombrará e se divertirá cada día.

Escollimos esta historia porque no club aínda había persoas que nunca leran un manga e decidimos que esta era a mellor historia para comezar.

Foi unha lectura moi divertida que nos axudou a desconectar do noso axetreo diario de clases.



O NIÑO DO BRIÓN


O GRUPO

De An Alfaya

Neste libro nállanse as historias de 5 rapaces que teñen que saír adiante pese a ter unhas experiencias vitais durísimas: acoso pola orientación sexual, un pai maltratador, un accidente que supuxo quedar nunha cadeira de rodas, ser inmigrante, ter desfigurado o rostro tras un incendio que destruiu o fogar...

Grazas a Sara, unha traballadora social, conseguirán botar fóra toda a traxedia que padecen, e Sara, á súa vez, conseguirá o equilibrio que desexa.

Este libro gustounos moito porque conta feitos que nos poderían pasar a calquera de nós se tivéssemos outra vida ou peor sorte.



O NIÑO DO BRIÓN

CUENTOS PARA NIÑOS QUE SUEÑAN CON CAMBIAR EL MUNDO

De G.L. Marvel

Este recopilatorio de 50 historias de nenos que melloraron o mundo gustounos moito, pois é moi fácil de ler e ademais cada unha delas pode ser lida en moi pouco tempo e non deixa indiferente a ninguén.



O NIÑO DO BRIÓN

4_XINETES

De Anxo Fariña

Catro persoas son, sin sabelo, os catro xinetes do apocalipse. A partires do seu encontro veranse implicados nunha historia de misterio e intriga, na que sorprende claramente o final que lle dá o autor. Como foi a última lectura do club, quedamos ademais con moi bo sabor de boca.

ANXO FARIÑA



4_XINETES



Queres iniciar a Apocalipse?

Aceptar

Cancelar



O NIÑO DO BRIÓN

UN MONSTRUO VIENE A VERME

De Patrick Ness

Unha lectura que gustou a case todos os que formamos parte do club. A pesar da súa extensión, foi moi sinxela de ler, cun vocabulario fácil de entender e cunha mensaxe preciosa.

Gustounos especialmente a frase "As historias son criaturas salvaxes -dixo o monstruo-. Cando as soltas ¿quen sabe dos desastres que poden causar?"



O NIÑO DO BRIÓN

O VIXÍA NO CENTEO

De J.D. Salinger

Esta historia fíxonos pensar e reflexionar nas persoas problemáticas, conflitivas e duras que por dentro levan moito máis do que parece.

A frase "la gente nunca se da cuenta de nada" é moi representativa para todos nós.

O vixía no centeo

J. D. Salinger

XERAIS



FORA DE XOGO


O NIÑO DO BRIÓN

O VIXÍA NO CENTEO

De J.D. Salinger

Esta historia fíxonos pensar e reflexionar nas persoas problemáticas, conflitivas e duras que por dentro levan moito máis do que parece.

A frase "la gente nunca se da cuenta de nada" é moi representativa para todos nós.



O NIÑO DO BRIÓN

22 SEGUNDOS

De Eva Mejuto

Unha lectura que nos gustou moito. Aínda que é curta, fíxosenos moi longa de ler. Contén unha mensaxe importante per a autora non logra explicala por completo.

Destacaríamos a frase "Era a primeira vez que o avó me trataba en masculino espontaneamente e gustoume moito".




O NIÑO DO BRIÓN

CUENTOS DE BUENAS NOCHES PARA NIÑAS REBELDES 2

De Elena Favilli e Francesca Cavallo

Puidemos escoller o que máis nos chamou a atención. En todos eles a mensaxe é clara: se es muller podes conseguir o mesmo que un home.



O NIÑO DO BRIÓN

EL RESPLANDOR

De Stephen King

Este libro non foi unha boa elección, pois xa desde as primeiras páxinas convertiuse nunha lectura difícil de seguir e de entender. Quedará para máis adiante

